



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: IV Curso superior de formación do técnico na Administración local

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	120
-----------------------	----------------	--------------	-------------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2013
------------------------	-------------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
-------------------------	------------	-------------------	----------	------------------	---

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Escola Galega de Administración Pública, a Dirección Xeral de Administración Local, a Federación Galega de Municipios e Provincias e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia organizan o presente curso coa intención de favorecer a formación específica dos técnicos da Administración local, nas materias propias deste ámbito de traballo.

O curso comezou, coa súa primeira edición, no ano 2007. Orixinalmente, o curso estaba dirixido exclusivamente aos enxeñeiros de camiños e aos alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. Sen embargo, os organizadores do curso, conscientes de que o traballo municipal é interdisciplinar, consideraron conveniente abrir o curso a todo tipo de técnicos, especialmente aos funcionarios con habilitación de carácter nacional, posto que a incorporación de persoal responsable das funcións públicas necesarias e reservadas achegará, sen dúbida, unha nova perspectiva ao xeito de tratar as materias do curso e logrará a interrelación entre todos os axentes do traballo municipal.

De acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, a Escola Galega de Administración Pública convoca, en colaboración coa Demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, a Dirección Xeral de Administración Local e a Federación Galega de Municipios e Provincias, o IV Curso superior de formación do técnico da Administración local.

Con carácter excepcional, os alumnos que cursaran as edicións I e II do Curso de Formación do Enxeñeiro de Camiños na Administración local, organizados polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e a Federación Galega de Municipios e Provincias, poderán optar á obtención do título do IV Curso superior de formación do técnico na Administración local, tendo en conta a similitude dos seus contidos e de conformidade co disposto na convocatoria.

1. Obxectivos.

O obxectivo deste curso é dar unha visión actualizada e completa, dos coñecementos necesarios para o desenvolvemento do traballo do técnico no ámbito da Administración local.

Búscase afianzar os coñecementos dos técnicos que xa exercen as súas funcións neste sector, así como presentar de forma estruturada, todas as materias que afectan ao día a día da Administración local.

DESTINATARIOS

4. Destinatarios.

4.1. Vinte e cinco (25) prazas resérvanse a:

4.1.1. Empregados públicos con habilitación de carácter nacional, empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e das universidades do sistema universitario de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, ou aos grupos I e II do persoal laboral.

Este curso valorarase con 1 punto a aqueles/as alumnos/as que fosen considerados aptos/as ao finalizalo e, polo tanto, teñan dereito a certificado de aproveitamento, sempre que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de

acordo coas comunidades autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de formación e perfeccionamento de Administración local, en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas, do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se corríxen erros da Resolución do 26 de outubro de 1994 e conforme ao establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52, do 16 de marzo).

4.1.2. Profesionais que dispoñan do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

Incluiranse, tamén, neste grupo, a todas as persoas contratadas polas administracións públicas (por exemplo, contrato de servizos), que reúnan os requisitos do parágrafo anterior, e que non teñan a condición de empregados públicos.

4.2. Dez (10) prazas teñen como destinatarios a enxeñeiros de camiños colexiados en activo (incluídos os que sexan empregados públicos).

4.3. Dez (10) prazas están reservadas para enxeñeiros de camiños colexiados en situación de desemprego

4.4. Cinco (5) prazas resérvanse a estudantes de enxeñaría de camiños, canais e portos precolexiados.

No caso de non encherse na súa totalidade a cota de prazas reservadas nos puntos anteriores, estas poderán cubrirse co resto dos solicitantes, na orde de preferencia seguinte:

a) Se non se cobren as prazas do punto 4.1, estas serán ocupadas polos solicitantes dos puntos 4.2, 4.3. e 4.4, por esta orde.

b) No caso de non cubrirse as prazas do punto 4.2, estas serán cubertas polos solicitantes dos puntos 4.1.1, 4.1.2, 4.3 e 4.4, por esta orde.

c) Se quedan vacantes prazas do punto 4.3, cubriranse cos solicitantes dos puntos 4.2, 4.1.1, 4.1.2 e 4.4, por esta orde.

d) Se non se cobren as prazas do punto 4.4, ocuparanse cos solicitantes dos puntos 4.2, 4.3, 4.1.1 e 4.1.2, por esta orde.

4.5. Sen límite de prazas: os que superaran as edicións I e II do Curso de Formación do Enxeñeiro de Camiños na Administración Local.

PROGRAMA

2. Contido.

Tema 1. Estrutura organizativa do Estado e papel das entidades locais (municipios e deputacións)

Tema 2. A Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local: competencias e obrigas das entidades locais

Tema 3. Competencias, funcións e responsabilidades do técnico de obras municipal

Tema 4. A Lei 30/2007 de contratos del sector público. O Real Decreto Legislativo 2/2000 sobre contratos das Administracións públicas

Tema 5. Responsabilidades patrimoniais das administracións públicas

Tema 6. Lexislación sobre prevención de riscos laborais: responsabilidades da Administración e dos técnicos municipais

Tema 7. A Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común: procedementos, redacción de informes, participación dos cidadáns etc.

Tema 8. Lexislacións sectoriais con incidencia nas entidades locais (ordenación do territorio, estradas, augas, costas, portos, patrimonio, medio ambiente e espazos protexidos etc.)

Tema 9. A Administración electrónica. Novas tecnoloxías ao servizo da Administración municipal: SIX's, cartografía dixital, fotografía aérea, información de satélites etc.

Tema 10. O marco legal da ordenación do territorio e do urbanismo en Galicia.

Tema 11. Instrumentos de ordenación do territorio de ámbito autonómico: Directrices de Ordenación do Territorio, Plan de Ordenación do Litoral

Tema 12. O plan xeral municipal. Análise técnico e análise administrativo

Tema 13. O desenvolvemento urbanístico. Os plans parciais, plans sectoriais e plans especiais

Tema 14. Informes urbanísticos do plan xeral municipal e dos plans especiais

Tema 15. Os proxectos de urbanización

Tema 16. Os sistemas de xestión urbanística

Tema 17. Os convenios urbanísticos

Tema 18. As licenzas no ámbito municipal

Tema 19. A disciplina urbanística

Tema 20. A avaliación ambiental dos plans

Tema 21. A sostibilidade e a protección do medio ambiente no ámbito das entidades locais

Tema 22. Coordinación e aspectos prácticos da planificación de infraestruturas e servizos con administracións supramunicipais e entidades privadas

Tema 23. A mobilidade no ámbito da Administración local

Tema 24. O proxecto das infraestruturas de transporte: estradas urbanas, rúas, ferrocarrís urbanos e metropolitanos,

estacións de ferrocarril e autobuses, aparcamentos, intercambiadores etc.

Tema 25. O proxecto dos servizos urbanos municipais: abastecemento, saneamento, alumeadado público, control de tráfico, enerxía eléctrica, telecomunicacións, distribución de gas, xestión de residuos sólidos etc.

Tema 26. Áreas industriais e áreas empresariais

Tema 27. Os equipamentos e as dotacións públicas

Tema 28. O proxecto dos espazos libres (prazas, bordes fluviais, litoral, parques etc.)

Tema 29. Lexislación sobre accesibilidade e a súa incidencia na xestión municipal

Tema 30. A xestión dos servizos municipais e a relación coas concesionarias. Análise dende o punto de vista técnico e dende o punto de vista xurídico

Tema 31. A xestión do patrimonio e os bens municipais: adquisición, inventariado, cesión, alleamento etc.

Tema 32. Os proxectos de expropiación, asignación do valor do solo e mutuos acordos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente, designada para estes efectos, na que participarán representantes da Escola Galega da Administración Pública, do Colexio de Enxeñeiros de Camións, Canais e Portos de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias, e cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará aos candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos das tres entidades mencionadas.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes:

a) Se os solicitantes están incluídos nos puntos 4.1, 4.2 e 4.3, puntuación máxima: 10 puntos

- Por experiencia nun posto de traballo na Administración ou entidades adscritas: 0,1 punto por mes completo traballado, ata un máximo de 4.

As datas de referencia, para os efectos do cómputo do tempo, serán as que figuren na dilixencia de toma de posesión e cese ou no certificado de vida laboral

- Por experiencia nun posto de traballo relacionado directamente coa Administración: 0,1 puntos por mes traballado, ata un máximo de 2.

Esta experiencia poderá acreditarse mediante a presentación dun certificado de vida laboral e/ou unha relación de traballos realizados coa Administración ou entidades adscritas, expedido polo órgano competente.

- Por cursos que teñan puntuación acreditada segundo a Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de formación e perfeccionamento de Administración local en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994 (Boletín Oficial do Estado, 29/12/1994), e segundo o Decreto 49/2009, do 16 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación. Máximo: 2 puntos

- Por cursos específicos que estivesen relacionados co exercicio da profesión dentro da Administración pública: ata un máximo de 2 puntos

• Por cursos de 20 a 80 horas: 0,10 puntos

• Por cursos de 80 a 150 horas: 0,30 puntos

• Por cursos de máis de 150 horas: 0,50 puntos

c) Se os solicitantes están incluídos no punto 4.4. Puntuación máxima: 10 puntos

- Por ter superado todas as materias correspondentes aos cursos 1º, 2º, 3º e 4º da carreira de enxeñeiro de camiños, canais e portos, 6 puntos

- A nota media simple do expediente académico do alumno da Universidade da Coruña valorarase de xeito lineal entre 0 e 2 puntos, correspondéndolle 2 puntos á nota media simple máis alta dos solicitantes e 0 puntos á nota media simple máis baixa.

- Por ter realizado cursos específicos relacionados co exercicio da profesión dentro da Administración pública: ata un máximo de 4 puntos.

• Por cursos de 20 a 80 horas: 0,20 puntos

• Por cursos de 80 a 150 horas: 0,30 puntos

• Por cursos de máis de 150 horas: 0,50 puntos

3. DATOS EDICIÓN

ACORUÑA

LOCALIDADE: A Coruña

INICIO / FIN: 11/01/2013 a 11/05/2013

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, praza da Milagrosa, 2, entresollado,